

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 21, 15-19

Naquel tempo, apareceuse Xesús ós seus discípulos e, cando xa comeran, preguntoulle a Simón Pedro:

– «Simón de Xoán ¿ámasme máis ca estes?»

El contestoulle:

– «Si, Señor, ti sabes que te quero.»

Xesús díxolle:

– «Apacenta os meus años.»

E de novo preguntoulle por segunda vez:

– «Simón de Xoán, ¿ámasme?»

El respondeulle:

– «Si, Señor, ti sabes que te quero.»

Xesús díxolle:

– «Apacenta as miñas ovellas.»

E preguntoulle por terceira vez:

– «Simón de Xoán, ¿quéresme?»

Entristeceuse Pedro de que lle preguntase por terceira vez "¿quéresme?", e respondeulle:

– «Señor, ti sábelo todo, ti ben sabes que te quero.»

Xesús díxolle:

– «Apacenta as miñas ovellas. Con toda verdade cho aseguro: cando eras novo vestíaste ti e ías onde querías; cando te fagas vello, estenderás as túas mans, e vestirte outro e levarate onde non queres.»

Dixo isto para significar con que clase de morte había de dar gloria a Deus. E despois engadiu:

– «Sígueme.»